



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173



AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DO ANO 2017

DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

Plan de Auditoría 2018

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



I. INTRODUCCIÓN

A Intervención Xeral dá Comunidade Autónoma de Galicia, en adiante IXCA, a través da *Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público*, de acordo co recollido na disposición adicional décimo sétima da Lei de Orzamentos de Galicia para o ano 2018, auditou as contas anuais da Axencia Galega da Industria Forestal, en adiante XERA, que comprenden o balance de situación ao 31 de decembro de 2017, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual terminado na devandita data.

O Director da XERA é responsable da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 4.2 da memoria adxunta e, en particular, de acordo cos principios e criterios contables. Así mesmo, é responsable do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estea libre de incorrección material.

As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas polo Director o día 7 de maio de 2018 e foron postas a disposición da IXCA o mesmo día.

II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. Ditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría leva a aplicación de procedementos para obter evidencia adecuada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para emitir a nosa opinión de auditoría.



III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL, en adiante XERA, a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondente ó exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables e orzamentarios contidos no mesmo.

IV. ASUNTOS QUE NON AFECTAN Á OPINIÓN

Aínda que non se trata de asuntos que deban ser reflectidos nas contas anuais, a efectos dun mellor entendemento do noso traballo de auditoría e das nosas responsabilidades como auditores, poñemos de manifesto o seguinte:

A XERA, constituíse na 1ª sesión do seu Consello reitor de data 8 de novembro de 2017, de acordo co previsto no Decreto 81/2017, de 3 de agosto, polo que se crea a Axencia.

Santiago de Compostela,

A Subdirectora Xeral de control financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público